



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Curso para persoal delegado de protección de datos da Xunta de Galicia

CONVOCATORIA: CONVOCATORIA DELEGADO PROTECCION DATOS

GRUPO: Cursos TIC convenios AMTEGA

ÁREA: Administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	CONVENIO	HORAS:	16
ADMINISTRACIÓN:	AUTONÓMICA	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2024
MOD.IMPARTICIÓN:	MIXTO	TIPOLOXÍA:	ESPECÍFICO	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 12/04/2024 - 09:00h ao 19/04/2024 - 14:00h

RESPONSABLE: PEREZ MONTERO, TERESA [teresa.perez.montero@xunta.gal]

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Proporcionar formación aos delegados de protección de datos persoais do sector público autonómico e órganos estatutarios da Comunidade Autónoma de Galicia, co obxectivo de que coñezan en profundidade os principais aspectos da protección de datos persoais no ámbito das administracións públicas.

DESTINATARIOS

Poderá participar nesta actividade formativa o persoal delegado de protección de datos nomeado (en diante DPD) ou cuxo nomeamento estea previsto a curto prazo, na Administración xeral da Xunta de Galicia, no sector público autonómico e órganos estatutarios. Tamén poderán participar as persoas que formen parte do equipo de apoio aos DPD nos ámbitos anteriormente indicados e outro persoal da Amtega con responsabilidades en materia de protección de datos que se encontren en situación de servizo activo (incluído o persoal que teña concedido un permiso por motivos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral) e que reúnan os requisitos establecidos na convocatoria.

PROGRAMA

Tratamientos de control con datos biométricos. Parte II [control de presenza en el ámbito laboral y otros]
Reglamento de inteligencia artificial (ia). Afectación al sector público
Tratamientos específicos de medios de videovigilancia en el sector público
Cuestiones específicas sobre el ejercicio de derechos en el sector público
Resoluciones de interés de las autoridades de control con respecto al sector público

Datas de desenvolvemento:

- 1 sesión de telepresenza: martes 30 de abril de 2024, das 9:30 ás 12:30 horas.
- 2ª sesión de telepresenza: martes 21 de maio de 2024, das 16:00 ás 19:00 horas.
- 3ª sesión de telepresenza: martes 24 de setembro de 2024, das 9:30 ás 12:30 horas.
- 4ª sesión de telepresenza: martes 29 de outubro de 2024, das 16.00 ás 19:00 horas.
- 5ª sesión de telepresenza: martes 26 de novembro de 2024, das 9:30 ás 12:30 horas.

A proba de avaliación final será en liña, a través da aula virtual da EGAP, o martes 03 de decembro de 2024, ás 16.00 horas a 17:00h

CRITERIOS DE SELECCIÓN

As persoas solicitantes serán seleccionadas de acordo coa seguinte orde de preferencia:

- 1º. Persoas nomeadas como delegados/as de protección de datos nas consellerías da Xunta de Galicia, en entidades dependentes, órganos estatutarios ou na Amtega. Inclúese tanto a persoa titular como a suplente.
- 2º. Persoas que estea previsto seren nomeadas como delegados/as de protección de datos nas consellerías da Xunta de Galicia, en entidades dependentes e órganos estatutarios, xa sexa como titular ou como suplente.
- 3º. Persoas que formen parte do equipo de apoio ao DPD das consellerías, entidades dependentes, órganos estatutarios ou da Amtega.
- 4º. Outro persoal da Amtega con responsabilidades en materia de protección de datos persoais.

Dentro de cada grupo, as persoas indicadas na base cuarta da convocatoria serán ordenadas de acordo cos criterios selectivos, que son os sinalados con carácter xera nos criterios de participación nas actividades formativas da Escola Galega de Administración Pública

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

1. Matrícula telemática dispoñible no enderezo <<https://egap.xunta.gal/matricula>>. As solicitudes entenderanse presentadas unha vez que se complete correctamente o proceso de matriculación.
2. Antes de formalizar a súa inscrición nesta actividade, todas as persoas deben introducir ou actualizar os datos da súa área de matrícula, de acordo coas persoas destinatarias e criterios de selección establecidos nas bases cuarta e oitava, respectivamente, da convocatoria.
3. As persoas interesadas deberán seleccionar primeiro a área en que está integrada esta actividade (Administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa) e, despois, seleccionar en «nome do curso»: Curso para persoal delegado de protección de datos da Xunta de Galicia.

3. DATOS EDICIÓNS

TELEPRESENZA

LOCALIDADE: Telepresenza

INICIO / FIN: 30/04/2024 a 26/11/2024

NUM. PRAZAS: 30

ESTADO: NORMAL - (SELECCIÓN DISP.)

DATA EXAME: 03/12/2024 ás 16:00h

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

LUGAR DE REALIZACIÓN

Sala telepresenza: O día 21 de maio de 16:00 a 19:00. O día 24 de setembro de 09:30 a 12:30. O día 29 de outubro de 16:00 a 19:00. O día 26 de novembro de 09:30 a 12:30. <https://egap.xunta.gal/aulavirtual>

Sala telepresenza: O día 30 de abril de 09:30 a 12:30. <https://egap.xunta.gal/aulavirtual>

- 1ª - Martes 30-abril de 9.30 a 12.30h.
2ª - Martes 21-mayo de 16.00 a 19.00h.
3ª - Martes 24-septiembre de 9.30 a 12.30h.
4ª - Martes 29-octubre de 16.00 a 19.00h.
5ª - Martes 26-novembro de 09:30 a 12:30h
En liña